

Biografía de Begoña Caamaño

Begoña Caamaño Rascado nace o 14 de outubro de 1964 na casa familiar do barrio vigués do Calvario. Segunda de catro irmáns, comeza o ensino infantil xunto á súa irmá Beatriz nunha escola próxima á casa, onde recibe as primeiras clases de francés da escritora e feminista María Xosé Queizán. No Colexio Amor de Dios realiza varios cursos para continuar co Bacharelato no Instituto Alexandre Bóveda (Coia II) e ingresar na Escola Universitaria, CEU, de Maxisterio, na que remataría a carreira.

Comeza a súa andaina profesional no ano 1986 na emisora viguesa Radio Noroeste, na que realiza un curso de radio e pasa a formar parte dos servizos informativos. Tras o seu paso por esta emisora, é contratada pola Cadena COPE para traballar nos servizos informativos de Radio Popular do ano 1988 a 1989. Dende 1989 traballa na Radio Galega, primeiro na delegación de Vigo e desde 1992 na sede central en Santiago de Compostela, onde traballou como redactora dos servizos informativos até a súa incorporación ao *Diario Cultural*. Así mesmo dirixiu e presentou os programas *Andando a Terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Media Noite*. Amais disto, foi correspondente da Axencia Galega de Noticias (AGN) e colaborou nos xornais *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Novas da Galiza* e na revista *Tempos*.

O seu traballo como xornalista vai acompañado dunha grande actividade sindical. Así, participa como relatora no I Congreso do Sindicato da Información de Galicia, que tivo lugar en Vigo no ano 1987, e como membro do Comité de Empresa da Radio Galega desempeña o cargo de presidenta do Comité Interempresas da CRTVG, no que destaca pola súa implicación contra a manipulación informativa do ente público.

No ano 2005 solicita unha excedencia dun ano e trasládase co seu compañeiro, Etxaniz Zorrilla, a Euskadi; alí aprende a falar éuscaro. Xa de volta a Galiza, segue colaborando co movemento sindical e feminista nas publicacións *Festa da Palabra Silenciada*, *DeLiberadamente*, *A Segra* e formando parte do consello de redacción da revista antimilitarista *Ar*.

Begoña Caamaño é unha das impulsoras da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación (MUGACOM), asociación constituída o 8 de marzo de 1997 na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC a iniciativa dun grupo de profesionais e traballadoras de distintos ámbitos da comunicación co fin de defender o tratamento igualitario no eido laboral e abordar o estudo da imaxe das mulleres nos medios.

Activista incansábel, son moitas as súas intervencións en manifestacións e performances contra a violencia de xénero, a favor do aborto, o antimilitarismo, a insubmisión e a denuncia da catástrofe do *Prestige* no ano 2002.

Foi membro de Mulheres Nacionalistas Galegas (MNG) e da Marcha Mundial das Mulleres, nas que desenvolveu un gran número de accións públicas.

Colaborou activamente na campaña "Dou a cara" organizada polo Bloque Nacionalista Galego a favor da Sanidade Pública Galega, o Ensino Público Galego, contra o decreto

do plurilingüismo do Partido Popular e pola capacidade de todos os galegos e galegas a decidiren o seu futuro.

Realizou tamén varias colaboracións relacionadas co eido da música; para a cantante Uxía articulou o “Limiar” do disco Rosalía pequeniña e escribiu, a partir dunha canción de João Afonso, o tema “Aquí em Baixo” do disco Danza das Areas, inda que declinou asinalo, cousa que tamén ocorreu co “Limiar” do disco do grupo María Fumaça Canta o cuco, cando os versos de Manuel María botaron a voar.

No tocante á súa carreira literaria, Begoña Caamaño iníciava coa publicación da novela *Circe ou o pracer do azul* no ano 2009 e dálle continuidade, tres anos despois, con *Morgana en Esmelle*. Ambas as novelas foron publicadas pola Editorial Galaxia e a segunda recibiría o Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2012 da Asociación Galega de Editores, o Premio da AELG á mellor obra de narrativa 2012, Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios 2012 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2013.

Begoña Caamaño morre o 27 de outubro do ano 2014 aos cincuenta anos, tras serlle detectado un cancro de páncreas dous anos e medio antes. A capela de Boisaca acolleu un acto civil multitudinario para despedir a xornalista, escritora, feminista e activista política que congregou amigos e amigas vindos e vindas de diversos lugares de Galiza.

Con dúas novelas publicadas, Begoña Caamaño ocupa un importante lugar na literatura galega. Nos últimos tempos preparaba unha terceira novela con outra muller como protagonista, Sherezade, ademais do proxecto de novelar a vida da súa bisavoa.

O 20 de xuño de 2025, o plenario da Real Academia Galega acordou que Begoña Caamaño fose a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2026.

[Nota: esta biobibliografía de Begoña Caamaño, escrita por Amanda Álvarez González, foi publicada no Álbum de Mulleres en xaneiro de 2016.]

[Álvarez González, Amanda : Begoña Caamaño Rascado. Publicado o 2/7/2025 no Álbum de Galicia \(Consello da Cultura Galega\)](#)

Tamén un bo resumo en Wikipedia sobre a autora [Begoña Caamaño](#).

Circe ou o pracer do azul.

Argumento e temas.

Begoña Caamaño reinterpreta nesta obra algúns fragmentos da Odisea desde a óptica de Circe e Penélope. A través dunha intensa relación epistolar, deusa e raíña reflexionan sobre as súas moi distintas realidades, inquedanzas e propósitos vitais. Partindo de dous mundos paralelos, o divino e o humano, ambas as dúas mulleres comparten as súas particulares visións do amor, do deber, do desexo..., presentando unha nova ollada sobre tramas e personaxes dos mitos clásicos.

Circe abandona o tradicional asoballamento feminino, que presentan as mulleres como complementos dos heroes, para situalas no centro da trama, sendo elas suxeitos activos da historia. Así, a autora dá voz ás palabras que puideron, ou non, dicir, aos sentimentos que puideron, ou non, remover a estas dúas mulleres, cuxo vínculo se orixinou arredor dun home e rematou, lonxe diso, creando unha sorte de irmandade.

Reflexións sobre o texto.

Os mitos clásicos foron, en moitos casos, protagonizados por unha figura feminina, mais estas personaxes sempre servían para representar un modelo de boa ou mala muller, atendendo ao seu papel na trama. Así é que, cando a protagonista presenta un carácter forte, con tinguiduras de insubmisión, como no caso de Medea, na maioría dos casos a súa historia remata en traxedia, a modo de ensinanza para o resto da sociedade.

Este fenómeno cultural pode percibirse máis alá da antiga Grecia. Nos textos e representacións cristiás tamén aparecen figuras antitéticas femininas, personificando os arquetipos aos que as mulleres debían aspirar ou, pola contra, dos que debían afastarse, unha dicotomía clara no caso de María e Eva.

As consecuencias destas pautas están presentes na sociedade actual. As mulleres incorporáronse aos traballos asalariados, seguindo así o modelo de muller moderna, mais aínda cargan, na meirande parte dos casos, cos labores domésticos. Do mesmo xeito, a continuación do paradigma do heroe premia as masculinidades individualistas e ambiciosas, penalizando as personalidades ou identidades disidentes.

Por todo isto, son tan importantes as relecturas e reinterpretacións dos mitos clásicos desde unha óptica feminista. Traballos como os de Xohana Torres, Begoña Caamaño e Fillas de Cassandra dan unha nova visión ás historias das mulleres clásicas, brindándolle á sociedade a oportunidade de visibilizar a súa propia voz.

(Da [guía de lectura](#) en Editorial Galaxia)

1.- Análise profunda da obra (18 páxinas)

[“Sororidade e mito en Circe ou o pracer azul de Begoña Caamaño”](#), en *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, publicada pola UNED.

Resumo

Este traballo céntrase na análise da novela Circe ou o pracer do azul (2009), de Begoña Caamaño, que integra e redeseña as relacións entre Penélope, Circe e Ulises, personaxes da Odisea, nunha recreación do clásico homérico desde unha perspectiva feminista. Esta reescrita transforma o relato a través da estratexia da creación revisionista de mitos (revisionist mythmaking) e incorpora nel a idea de sororidade como ferramenta de empoderamento. A obra concede o protagonismo a dúas figuras femininas contrapostas no poema homérico e na maioría das reescritas posteriores, Circe e Penélope, quen construírán unha fecunda e liberadora amizade mediante o diálogo. Circe ou o pracer do azul propón unha lectura alternativa do relato canónico, o que conecta a novela con outras recreacións contemporáneas en clave de revisionismo feminista dos mitos.

Bermúdez Montes, M. T. (2023). Sororidade e mito en Circe ou o pracer azul de Begoña Caamaño. *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, 28, 163–180. <https://doi.org/10.5944/rllcgv.vol.28.2023.38945>

2.- Algo máis breve, [Wikipedia](#).

Circe ou o pracer do azul é unha novela en lingua galega escrita por Begoña Caamaño e publicada por Editorial Galaxia en 2009. A obra fai unha revisión da mitoloxía grega desde un punto de vista feminista, non só centrándose nas mulleres como personaxes principais, senón enfocando a súa feminidade.

Trama.

Trala marcha de Ulises á guerra de Troia, Penélope agarda en Ítaca o seu regreso. Ao cabo de once anos recibe unha carta de Circe onde a deusa lle explica que Ulises está na illa de Eea e que son amantes. Comeza así unha relación epistolar entre Penélope e Circe na que se sinceran e abren os seus corazóns.

Circe explícalle o modo en que se rexe a illa de Eea e os feitizos con que enmeiga os homes con comportamento rudo. Penélope explícalle pola súa banda o seu papel como raíña de Ítaca, o modo en que goberna a mesma na ausencia de Ulises e como ten que facer fronte a outros homes que desexan casar con ela. Cóntalle tamén a súa relación con Laertes (pai de Ulises) Euriclea (nai de Ulises) e Telémaco, fillo de Ulises e Penélope.

Circe explícalle a Penélope que Ulises mudou a súa percepción sobre os homes, que o considera sensible e pouco vaidoso, e que o vai botar moito de menos cando marche de regreso a Ítaca. Porén, Penélope explícalle que non o poderá querer xamais, pois no escaso tempo que conviviu con el non sentiu o menor aprecio, amais de ser violada na noite de vodas.

Finalmente Ulises, que nada sabe da relación epistolar entre Circe e Penélope, marcha de regreso a Ítaca. Antes de marchar deixou preñada a Circe, aínda que el non sabe ren.

A obra remata cun final aberto; así, segundo a *Odisea* de Homero tardou aínda oito ou nove anos en chegar a Ítaca; segundo outra versión o fillo de Circe mataría o pai sen saber que o era, e que levaría a Penélope a Eea.

Narración.

Hai un narrador omnisciente en terceira persoa, pero conta con numerosas epístolas cruzadas entre as protagonistas. Hai un emprego dun vocabulario moi rico, con fórmulas de cortesía.

Hai unha intertextualidade coas obras clásicas mais tamén con textos contemporáneos. Así, segue o *leit motiv* “eu tamén navegar” expresado por Xohana Torres no seu poema “Penélope” (*Tempo de ría*, 1992), e que deu pé a obras de Chus Pato, Antía Otero e outras autoras da literatura galega na década de 1990.

3.- Outro breve comentario sobre a novela:

[Circe ou o pracer do azul \(cun chisco de espóiler\)](#), en Primavera das Letras

Morgana en Esmelle

Encontrei un bo traballo sobre Morgana pero está en castelán, polo que vos engado aquí a tradución. É un pouco extenso, pero confío en vós (e na vosa IA preferida) para facer un resumo á medida das necesidades de cadaquén.

Fonte orixinal: "[Begoña Caamaño. Morgana en Esmelle](#)", por Eduardo Artabria.

A publicación da novela Morgana en Esmelle en 2012 pola Editorial Galaxia representou un acontecemento transformador na evolución da narrativa contemporánea en lingua gallega, consolidando un espazo de intersección entre a mitoloxía europea, a revisión historiográfica feminista e a reflexión política de vangarda. A autora desta obra fundacional, a xornalista e escritora nada en Vigo Begoña Caamaño (1964-2014), conseguiu en só dúas novelas publicadas en vida alterar irrevocablemente o ecosistema literario galeguista, dotándoo dunha madurez conceptual que desafiaba as convencións do canon patriarcal occidental. A importancia deste corpus narrativo alcanzou o seu apoxeo institucional coa decisión unánime da Real Academia Galega (RAG) de dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2026, un fito que proxecta o seu legado literario e activismo cívico ao centro do debate cultural contemporáneo.

Contexto biográfico e fundamentos epistemolóxicos de Begoña Caamaño

Para comprender a magnitude da intervención literaria de Morgana en Esmelle, é imprescindible examinar a traxectoria biográfica e profesional de Begoña Caamaño, cuxa vida estivo intrínsecamente ligada á defensa da lingua galeguista, ao feminismo interseccional e á ética xornalística. Nacida en Vigo en 1964 e falecida prematuramente en Santiago de Compostela en 2014, Caamaño non concibiu a escritura como un exercicio illado de esteticismo, senón como unha extensión do seu inquebrantable compromiso social e político.

A Real Academia Galega, ao explicar a súa selección de Caamaño para o Día das Letras Galegas de 2026, destacou explicitamente a necesidade de celebrar a súa perspectiva contemporánea e colectiva nun momento histórico no que urxe reconstruír o espazo para un xornalismo orientado á cidadanía, inquebrantablemente comprometido coa verdade e coa normalización da lingua gallega. A traxectoria de Caamaño nos medios de comunicación é un testemuño desta práctica. Desenvolveu gran parte da súa carreira na Radio Galega (CRTVG), onde foi responsable de programas culturais e sociais emblemáticos como "Diario Cultural", "Andando a Terra", "Club Cultura" e "Expreso de Medianoite". O seu traballo non se limitou á radiodifusión; tamén se estendeu á Axencia Galega de Noticias e a perspicaces contribucións escritas a publicacións como El Sol , A Nosa Terra , Tempos novos e Novas da Galiza .

No ámbito do activismo sociolaboral e de xénero, a súa influencia foi igualmente decisiva. Caamaño exerceu como presidenta do Comité Interempresas da CRTVG, defendendo os dereitos das traballadoras da emisora pública, e foi unha das figuras fundadoras e impulsoras da Asociación Galega de Mulleres na Comunicación, unha organización pioneira que reivindicou unha perspectiva de xénero transversal nos medios de comunicación. Esta profunda conciencia da responsabilidade social do xornalismo, concibido como un pilar fundamental do servizo público tanto no sector estatal como no privado, impregnou a súa transición á escritura de ficción.

O seu debut literario materializouse en 2009 coa publicación de Circe ou o pracer do azul (Editorial Galaxia), unha novela que estableceu a metodoloxía deconstrutiva que definiría o

seu estilo. Nesta primeira obra, Caamaño reescribiu o mito homérico da Odisea desde a perspectiva da feiticeira Circe e a raíña Penélope, subvertendo a narrativa androcéntrica do heroísmo grego para explorar a axencia feminina, o desexo e a resistencia contra o patriarcado.

O éxito da crítica desta proposta sentou as bases conceptuais para a súa obra mestra, *Morgana in Esmelle*, publicada tres anos despois. O impacto do seu activismo feminista foi tan profundo que, tras a súa morte, a Deputación da Coruña instituíu o Premio Begoña Caamaño de acción cultural para a igualdade de xénero, un galardón que perpetúa a súa memoria recoñecendo iniciativas que promoven a igualdade social a través das artes e a cultura.

No momento da súa morte, Caamaño atopábase na fase de documentación e escritura de novos proxectos narrativos, entre eles unha terceira novela protagonizada pola figura mítica de Scheherazade e un ambicioso proxecto de recuperación biográfica centrado na vida da súa bisavoa, obras que traxicamente quedaron inconclusas pero que testemuñan a coherencia do seu proxecto intelectual.

Arquitectura temática e análise literaria de Morgana en Esmelle

Morgana en Esmelle é unha sofisticada obra narrativa de 220 páxinas, publicada en rústica pola Editorial Galaxia en febreiro de 2012 (ISBN: 9788498654127). Desde a perspectiva da teoría literaria, a obra funciona como unha reescritura subversiva da *Materia de Bretaña*, o vasto ciclo de lendas artúricas que sustentou gran parte da imaxinación mítica da Europa Occidental. A novela transcende o mero pastiche posmoderno para establecer unha hermenéutica da disidencia, obrigando o lector a enfrontarse ás estruturas de dominación silenciadas pola historia oficial.

A deconstrución feminista do canon artúrico

O motor narrativo da novela acéndese coa chegada inesperada de Morgana, media irmá e antiga amante do mítico Rei Artur, ao illado bosque de Esmelle. Neste refuxio natural, o mago Merlín estableceu o seu retiro, sobrevivindo á ruína de Camelot e á desintegración de Avalon nunha aparente e enganosa serenidade. A irrupción de Morgana perturba violentamente esta paz estancada. A protagonista non chega como a feiticeira malévola, caótica e vingativa codificada pola tradición literaria medieval (como en *Le Morte d'Arthur* de Thomas Malory), senón como unha muller ferida que esixe respostas á súa infelicidade e pide un xuízo histórico.

A autora adopta deliberadamente unha perspectiva periférica. Ao centrar a narrativa en personaxes femininas secundarias, Caamaño realiza un acto de xustiza poética e historiográfica, rescatando a Morgana e Viviana do profundo silencio e miopía impostos pola lente patriarcal que dominou a literatura durante séculos. A través das dolorosas recriminacións de Morgana, técese un intrincado fío de memoria que revela as verdadeiras razóns da caída do reino bretón. A análise académica contemporánea, como a desenvolvida pola investigadora Helena Seoane Pérez, subliña que a novela constitúe un tratado fundamental sobre o concepto de "sororidade". Aínda que este termo, referido á irmandade e á solidariedade intrínseca entre as mulleres, aínda se enfronta a certa resistencia terminolóxica nos círculos académicos conservadores, na prosa de Caamaño opera como a antítese ontolóxica do sistema androcéntrico.

Na interpretación convencional do mito, Viviane e Morgana son codificadas como representantes de forzas atávicas, vinculadas ao paganismo celta, á natureza incontrolable e ao caos ancestral, mentres que Merlín e Artur encarnan o avance inexorable do progreso, a estruturación da nova

ideoloxía estatal e a orde civilizatoria baseada na razón. Caamaño invirte e desmonta esta polaridade dialéctica. Ao facelo, propón unha reflexión extraordinariamente contemporánea sobre a natureza do poder. Morgana, a través da súa voz que é á vez pesimista e esperanzadora, actúa como un catalizador implacable, destacando as carencias dunha orde social obsoleta e expoñendo as estratexias manipuladoras que permitiron a ascensión de Artur ao trono.

Ética, razón de Estado e o peso da culpa

Máis alá da súa defensa feminista, Morgana en Esmelle é un profundo tratado de filosofía política e moral. A novela traslada as ansiedades sociopolíticas da Galiza contemporánea a un escenario mítico, utilizando o fracaso da utopía artúrica como un espello que reflicte os dilemas da identidade nacional e a gobernanza moderna. O texto xira arredor dunha serie de preguntas fundamentais que desafían a narrativa oficial do reinado de Artur: Cales son os límites lexítimos da ética para os políticos, administradores e intelectuais que configuran o destino dunha nación? É admisible traizoar os principios fundacionais na procura dunha abordaxe populista que facilita o control do pobo pero destrúe a integridade do proxecto orixinal?

O contraste entre dous *modus operandi* políticos percorre a trama: por unha banda, a estratexia de acubillar o coñecemento e os valores puros nunha especie de Avalon illacionista, medindo cautelosamente o contacto coa xente mentres se agardan os momentos oportunos; por outra, a renuncia pragmática a estes valores para acumular poder real. Neste ecosistema de tensións, a relixión e o poder secular establecen alianzas de conveniencia que acaban por corromper a propia esencia da sociedade que afirman gobernar.

Como consecuencia directa deste fracaso ético, Caamaño desprega unha atmosfera narrativa asfixiante dominada por un sentimento de culpa omnipresente que impregna todos os personaxes da novela. Ningún individuo, independentemente do seu status mítico, escapa desta condición humana. O arrepentimento, a aceptación da responsabilidade, o castigo autoimposto e o remorso abraiante convértense en compañeiros inseparables durante a viaxe iniciática cara á verdade. Merlín, confrontado coas probas irrefutábeis presentadas por Morgana, vese obrigado a abandonar o seu desapego emocional e aceptar as consecuencias catastróficas e non desexadas das súas accións, esbozando unha poderosa tese literaria sobre o imperativo da responsabilidade nas esferas do poder.

Intertextualidade dialéctica. Begoña Caamaño e Álvaro Cunqueiro

Unha das decisións arquitectónicas máis brillantes de Morgana en Esmelle é a escolla da súa ambientación cronotópica. Ao situar a resolución do conflito artúrico no bosque de Esmelle, no corazón da Terra de Miranda, Caamaño establece un diálogo intertextual de inmensa densidade cunha das obras mestras da literatura gallega do século XX: *Merlín e familia* (1955) de Álvaro Cunqueiro. Esta ancoraxe intertextual non é unha mera homenaxe pasiva, senón unha apropiación táctica e subversiva que redefine os parámetros do mito dentro do contexto galaico.

Na brillante obra de Cunqueiro, pioneiro do realismo máxico, o mago Merlín decide trasladarse á parroquia gallega de Esmelle tras o colapso definitivo do mundo artúrico, acompañado por unha melancólica e pasiva raíña Xenebra. A Esmelle de Cunqueiro é un microcosmos onde o maravilloso convive coa estrita e rústica vida cotiá galaica; Merlín recibe na súa casa señorial un variopinto grupo de criaturas, interactuando con igual cortesía e naturalidade con sereas, ananos, fabricantes de reloxos encharcados e mulleres atrapadas en paraugas máxicos. Trátase dunha

proposta lúdica, dominada por unha prodixiosa invención verbal, un humor sutil, o anacronismo e unha imaxinación sen límites que emprega o mito como mecanismo de escapismo literario e curación cultural na posguerra.

Begoña Caamaño, recoñecendo explicitamente a súa débeda co universo maxistral de Cunqueiro, intervén nel para alterar a súa polaridade ideolóxica. Caamaño emprega o Merlín galego de Cunqueiro, agora aclimatado e desposuído do seu desapego británico, para obrigalo a enfrontarse ás pantasma do seu pasado operativo. Se Esmelle na novela de 1955 era un refuxio para a marabilla e o repouso de mitos cansos, na novela de 2012 troca nunha estrita sala de xustiza onde se xulga a historia política. A perspectiva subversiva de Caamaño multiplica as capas semánticas da narrativa, transformando a ensoñación celta nunha análise aguda dos límites da moralidade.

Para ilustrar esquematicamente a evolución conceptual que experimenta o tema de Bretaña ao pasar da poética de Cunqueiro á revisión crítica de Caamaño, establécese a seguinte táboa comparativa de matrices literarias:

Dimensión analizada	Merlín e familia (Álvaro Cunqueiro, 1955)	Morgana en Esmelle (Begoña Caamaño, 2012)
Rol conceptual de Merlín	Unha figura de autoridade benevolente, un sabio acolledor, un curandeiro mítico e un mediador nun mundo máxico e tradicional.	Un arquitecto político controvertido, unha figura que se enfronta á súa propia negligencia ética e ás consecuencias das súas manipulacións.
Tratamento de figuras femininas	A raíña Xenebra e outras mulleres aparecen como presenzas pasivas e melancólicas ou elementos accesorios nas maravillosas tramas.	Morgana e Viviana ocupan o centro epistémico da historia; a súa axencia histórica, a denuncia da opresión e a solidariedade coa irmandade son reivindicadas.
Atmosfera e ton narrativo	Humorístico, profundamente lírico, relaxado; un exemplo prístino de realismo máxico que celebra a narración oral.	Profundamente reflexivo, ético, dramático e interrogativo; un exercicio de deconstrución crítica e reconsideración historiográfica.
Función alegórica e política	Predominantemente difusa e escapista; orientada á protección da psique cultural galaica a través do refuxio no mito atemporal.	Explícito e directo; establécense paralelismos directos coa xestión da identidade nacional, a ética estatal e as estratexias de poder populistas.

Esta evolución demostra que a literatura gallega posúe os mecanismos internos necesarios para revisarse continuamente, producindo textos que conseguen innovar radicalmente en temas literarios que foron explotados intensamente ao longo dos séculos.

E algo moito máis sinxelo e breve ne Wikipedia, en [Morgana en Esmelle](#).

Morgana en Esmelle é unha novela en lingua galega escrita por Begoña Caamaño e publicada por Editorial Galaxia en 2012. Gañou o Premio Ánxel Casal da Edición da Asociación Galega de Editores ao mellor libro de ficción, o Premio da AELG á mellor obra de narrativa, o Premio da Crítica de narrativa galega e mais o Premio Antón Losada Diéguez de creación literaria no 2013.

Trama

No castelo de Tintagel vive o rei Garlois, a súa muller Igraine e mais Morgana, a filla de ambos. Nunha batalla Garlois resulta malferido, e o mago Merlín logra que Uther Pendragon, o nobre que derrotara a Garlois, adopte a aparencia deste e deixe preñada a Igraine. Froito da relación nace Artur. Anos despois, Merlín fai que Artur case con Xenebra, co propósito de convertelo en caudillo dos celtas en Britania e acadar a cristianización do seu pobo.

Pola súa banda, Morgana marcha coa súa tía Viviana á illa de Avalon, a formarse e desenvolver a súa sabedoría, regresando a Camelot para a voda do seu irmán. Mais malia os propósitos de Merlín, o amor entre Artur e Xenebra non é tal, posto que Xenebra está namorada de Lanzarote do Lago e Artur da súa irmá.

Narración

A novela, escrita en terceira persoa, alterna varios narradores: Felipe de Amancia, Merlín, a propia Morgana e as Crónicas de Ávalon. Os dous primeiros amosan unha visión persoal deses personaxes, e os textos tomados das Crónicas pretenden dar unha visión máis obxectiva.

A trama entronca coa Materia de Bretaña e co mundo fabuloso da terra de Miranda descrito por Álvaro Cunqueiro en Merlín e familia. Con todo, esta é unha novela que pretende botar sobre o asunto unha mirada feminina, resaltando o papel de Viviana e Morgana fronte ás pretensións de Merlín